



Copia

ROGO PARA SOLUCIONAR O PROBLEMA DOS ALCORQUES DA RÚA QUIROGA PALACIOS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No transcurso da sesión plenaria do pasado mes de marzo, o Grupo Popular presentou un rogo para a súa consideración por parte do Goberno en relación coa dotación de grava, ou calquera outro material drenante, para os alcorques radicados na remodelada Avenida Quiroga Palacios.

A resposta do representante do Goberno naquela sesión plenaria foi tan lacónica como sorprendente: "Sinto non darlle satisfacción, simplemente estudarémolo".

Evidentemente non se trataba -nin se trata- de darlle satisfacción a un representante do Partido Popular, senón de darlle cumprida resposta a unha demanda formulada por boa parte da veciñanza que lle ten trasladado a este grupo a súa preocupación pola situación que se crea cando chove, por mor da terra dos alcorques que se estende e acaba por ensuciar as zonas de tránsito, tanto peonil como de vehículos. A solución semella sinxela, tal e como temos proposto, se existise boa vontade, contribuindo con iso tamén a unha mellora estética que harmonizara co conxunto da obra realizada.

Transcorridos nove meses, tempo que coidamos máis que suficiente para levar a cabo os estudos precisos -por moi detallados e profundos que estes sexan-, e ante a chegada do inverno e as ineludibles choivas coas consecuencias apuntadas, o Grupo Popular formula o seguinte ROGO:

Que o Goberno local remate a súa fase de estudo e, en consecuencia, decida canto antes -e execute- a mellor solución para o problema que representa para a veciñanza a terra dos alcorques da Avenida Quiroga Palacios.

Santiago de Compostela, a 5 de decembro de 2016.

María Corral López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela